

# URBANA SANTIAGO NORTE 2011

## O Concello lidera un gran proxecto de cambio integral en quince barrios

Grazas á iniciativa e xestión do goberno municipal, quince barrios da zona norte da cidade están sendo obxecto dunha estratexia integral de rexeneración urbana para equilibralos co resto da cidade. O alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, e a tenente de alcalde, Socorro García Conde, presentaron nos distintos barrios ás accións desta iniciativa, xa en proceso de execución baixo o liderado do Concello.

URBANA é unha iniciativa cofinanciada pola Unión Europea, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, incluída no Programa Operativo de Galicia 2007-2013, que ten como obxectivo pór en marcha estratexias innovadoras de rexeneración urbana, que mediante un enfoque integrado contemplando aspectos sociais, económicos e medioambientais, favorezan un desenvolvemento urbano sostible de acordo cos principios e orientacións estratéxicas das políticas comunitarias.

A Iniciativa Urbana, é unha iniciativa herdeira da que ata o de agora se coñecía co nome de Urban, que se pon en marcha no novo período de programación de Fondos Estruturais da Unión Europea 2007-2013 a partir do éxito da experiencia acumulada cos proxectos executados



O Alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, e a Tenente de Alcalde, Socorro García Conde, na presentación aos veciños do proxecto

ao longo dos anos anteriores, e que se materializou en melloras palpables na calidade de vida das zonas subvencionadas polos anteriores Urban.

Entre os anos 1994 e 2006 foron 165 as cidades europeas que se beneficiaron das actuacións das Iniciativas Urban I e Urban II, das que 39 foron cidades españolas e 4 galegas (A Coruña, Pontevedra e Vigo no Urban I e Ourense no Urban II).

Ademais desta experiencia acumulada, a nova Iniciativa Urbana parte da consideración da importancia dun desenvolvemento urbano sostible e da contribución que as cidades poden facer ao desenvolvemento rexional europeo.

Esta Iniciativa xorde no novo período á proposta da Administración Xeral do Estado a través da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Mi-

nisterio de Economía e Facenda e vai destinar ás 43 novas cidades seleccionadas en toda España un total de 344 millóns de Euros en axudas aportadas polo FEDER. No caso de Galicia, foron seleccionadas ademais de Santiago, as cidades de A Coruña, Ferrol e Lugo.

O proxecto URBANA SANTIAGO NORTE recolle un conxunto de actuacións de carácter inte-

gral nos barrios de Vista Alegre, Romáño, Vite, Guadalupe, Salgueiriños, San Caetano, Basquiños, Ultreia, Espírito Santo, A Estila, A Almáciga, San Pedro, Concheiros, Belvís e Quiroga Palacios. Este proxecto conta cun orzamento global que ascende a 11.433.590 € dos cales o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional aporta 8.003.513 € (70%) e o Concello contribúe con 3.430.077 € (30%).

### Obxectivos

O proxecto URBANA SANTIAGO NORTE, ten como obxectivo a posta en marcha dunha **estratexia integral de rexeneración urbana** nos barrios da zona norte para equilibralos co resto da cidade.

Contémpnanse dentro do Urbana un **conxunto de medidas e actuacións que se agrupan en nove áreas temáticas:**

1. Sociedade da información.
2. Fomento da integración social e da igualdade de oportunidades.
3. Medio ambiente urbano e fomento do tratamento de residuos.
4. Desenvolvemento do tecido económico: accións a favor do emprego, e da actividade empresarial.
5. Accesibilidade e mobilidade.
6. Fomento do uso máis eficaz da enerxía.
7. Cultura e patrimonio.
8. Infraestruturas de servizos.
9. Formación profesional.

Trátase dun proxecto que ten un marcado **carácter innovador**, tanto polo enfoque integrado que nel se plantexa para abordar os diferentes problemas da zona norte, como polo emprego de **novas formas de intervención**, especialmente naquelas accións que promoven a **integración social** e a **dinamización económica da zona**.

### Accións

O conxunto de **accións concretas** do proxecto complétase con **outras de carácter transversal** como son:

- **O proceso de participación cidadá:** O proxecto conta cos instrumentos e canais necesarios para que a cidadanía residente na zona de actuación e máis a do resto da cidade, poida participar activamente no proceso de execución. Entre outras medidas destaca a existencia do **Órgano de Participación Cidadá**, no que están representados os veciños da zona e máis os principais axentes económicos e sociais que actúan nela.

- **A participación en redes de intercambio de experiencias:** onde se porán en común con outras cidades que desenvolven proxectos da **Iniciativa URBANA** estratexias para dar solucións aos problemas dos barrios co obxectivo de atopar as mellores prácticas.

- **A posta en marcha dun conxunto de medidas de información e publicidade:** destinadas a facilitar á cidadanía da zona norte e do conxunto da cidade información puntual sobre como a situación e evolución na execución do proxecto. Unha das medidas máis destacadas será a posta en marcha da páxina web do proxecto:

[www.urbanasantiagonorte.org](http://www.urbanasantiagonorte.org)



# Zona de intervención, estratexia e obxectivos

A zona de intervención do proxecto URBANA SANTIAGO NORTE representa o 30% da superficie residencial do casco urbano de Santiago e concentra unha poboación de 18.831 habitantes. A partir da realización dun estudo socioeconómico detallado da zona e a comparación co resto da cidade, conclúese que existen unha serie de carencias ou deficiencias que esixen un conxunto de actuacións para contribuir a recuperar o equilibrio.

Así, a zona norte aparece como unha área unificada de características socioeconómicas diferenciadas do resto da cidade, con síntomas de debilitamento e envellecemento demográfico; desde o punto de vista urbanístico abundan as construcións antigas ou necesitadas de reformas, con deseño de rúas inacabado ou non adaptado ás necesidades actuais; e cunhas necesidades comúns en materia de infraestruturas e de fomento de actividades económicas e sociais.

Esta zona adxacente ao Casco Histórico, quedou parcialmente encaixonada polos novos desenvolvementos ao oeste (Auditorio de Galicia) e ao norleste da cidade (edificios administrativos e residenciais de San Lázaro e Fontiñas). Deste xeito non se beneficiou do crecemento económico que experimentou Santiago nos últimos anos que se traduciu sobre todo en nova construción nas zonas de expansión da cidade.

A partir deste diagnóstico que presenta a zona de actuación cunha situación de desvantaxe socioeconómica en comparación co resto da cidade, a formulación de obxectivos e liñas estratéxicas do proxecto baséase fundamentalmente en:

- Abordar os aspectos claves para a recuperación ambiental e urbana da zona de actuación, como base para a súa dinamización económica e a súa plena inserción nas dinámicas da cidade en estreita cooperación cos axentes económicos e sociais.

- Asegurar a complementariedade e coherencia con:

- Obxectivos e prioridades comunitarios establecidos en materia de desenvolvemento sostible.

- Outras políticas comunitarias, en especial, coas relativas ao emprego, ao medio ambiente, á igualdade de oportunidades, e ao desenvolvemento da sociedade da información.

- A estratexia de desenvolvemento rexional e da cidade, e en especial coas actuacións previstas na zona de Santiago norte.

Deste xeito o obxectivo central do proxecto Urbana Santiago Norte é converter esta zona de Santiago nunha zona residencialmente atractiva e plenamente incorporada ás dinámicas socioeconómicas da cidade.



A partir deste obxectivo central podemos definir os seguintes obxectivos específicos:

- Mellorar a calidade de vida na zona de intervención.
- Incrementar as posibilidades de emprego dos residentes.
- Aumentar as dotacións de servizos públicos, especialmente dos equipamentos que facilitan a socialización.
- Facilitar a integración de colectivos en risco de exclusión.



# Principais accións en marcha

## Acceso wi-fi en espazos públicos

Durante os últimos meses do ano 2010 realizáronse os traballos de instalación e configuración de antenas para facilitar o acceso a internet a través de wi-fi nos centros socio-culturais da Trisca e de Vite, así como nos parques da Almáciga, Vista Alegre, Bonaval e Belvís. Con esta medida preténdese potenciar o emprego de internet como elemento de integración social, de formación e de mellora dos perfís profesionais.

Estes traballos foron desenvolvidos pola empresa COLABORA INGENIEROS, SL e consistiron na instalación dunha rede de puntos wi-fi que se integran na rede de telecomunicacións municipal no caso dos puntos en



Antena de Belvís

centros sociais e na rede WiMax municipal no caso dos parques. Nunha primeira fase realizouse a instalación nos centros da Trisca e de Vite, e posteriormente xa no mes de novembro completouse a instalación nos catro parques indicados.

Na actualidade o acceso grauíto encóntrase completamente operativo e para acceder ao servizo abonda con localizar cun dispositivo de acceso a internet (portátil, teléfono móbil, etc) a rede iCompostela e a partir de aí seguir os pasos que se van indicando para rexistrarse no suposto de que aínda non sexa usuario da rede.

A actuación supuxo un investimento de 32.888,49 €



Fonte Avío

## Equipo de dinamización social URBANA SANTIAGO NORTE

Desde o pasado mes de decembro de 2010 está a prestar os seus servizos na sede da casa das asociacións de benestar social en Salgueiriños, o equipo de dinamización social URBANA SANTIAGO NORTE.

O equipo multidisciplinar está composto por traballadores/as sociais, avogados/as, educadores/as ou integradores/as que pertencen á unión temporal de empresas EULEN, SA-EULEN SERVICIOS SOCIO-SANITARIOS, SA e as súas funcións serán as

de reforzar, potenciar e cohesionar os diferentes programas e actuacións da Concellaría de Benestar Social nos barrios do norte da cidade en ámbitos como a participación e dinamización social, a promoción da autonomía persoal, a inclusión social, e a intervención socio-educativa comunitaria para a integración de colectivos en risco de exclusión con familias, infancia e mozos.

Durante os primeiros meses de vida do equipo realizáronse accións de planificación dos di-

ferentes programas a desenvolver no ano 2011 e será neste mes de marzo no que se darán a coñecer as actividades concretas.

Durante o mes de decembro de 2010 programáronse actividades como a organización dunha exposición fotográfica entre os días 21 e 27 de decembro de 2010, cuxo obxectivo era achegar ás diferentes entidades e axentes sociais e a cidadanía compostelá en xeral os encraves máis significativos das diferentes áreas que se inclúen dentro

da zona de actuación do URBANA SANTIAGO NORTE.

Tamén durante o pasado Nadal, o equipo preparou o programa Urbanadal, destinado a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos da zona de actuación da iniciativa. Entre as actividades desenvolvidas figuran a elaboración dun mural de Nadal, manualidades, xogos populares e de confianza, un obradoiro de teatro, unha festa de fin de ano e unha preparación e degustación gastronómica.

O pasado día 9 de marzo presentouse o servizo INFORMÁT que porá a disposición dos cidadáns tres puntos de información asesoramento e información sobre os servizos sociais municipais nos centros socioculturais da Trisca, Vite e máis na Casa das Asociacións de Benestar Social. O teléfono de contacto é o 981.54.24.71.

Os traballos do equipo desenvolveranse ata decembro do ano 2013 e o custo total dos programas ascende a 690.706,89 €

# Construción e equipamento da escola infantil de Salgueiriños–Meixonfrío

A escola infantil de Salgueiriños–Meixonfrío representa un dos investimentos máis importantes do proxecto URBANA SANTIAGO NORTE tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.

As obras da nova infraestrutura comezaron o pasado mes de decembro de 2010 e teñen un prazo de execución de nove meses, polo que se espera que estean rematadas no vindeiro verán e que poida entrar en funcionamento no mes de setembro. Esta actuación representa un investimento total de un millón de euros, dos que a obra representan 724.784,49 €. Os traballos están a ser executados pola empresa JESUS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, SA a partir dun proxecto realizado pola empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SLP.

A escola infantil dará servizo aos residentes nos barrios da zona norte, especialmente Meixonfrío e Salgueiriños. Trátase da maior das escolas infantís de titularidade municipal, xa que ofertará prazas a 123 nenos/nenas da etapa de 0 a 3 anos. O obxectivo é lograr a súa educación e socialización a través do desenvolvemento da psicomotricidade, da linguaxe e da socialización.

Coa construción e equipamento destas instalacións contribúese a un dos obxectivos fundamentais do proxecto URBANA SANTIAGO NORTE, que é a mellora dos equipamentos dos barrios da zona norte e con iso facilitar a igualdade de oportunidades entre todos os cidadáns de Compostela.



Obras en execución

# Restauración do Monte de Deus



O pasado mes de febreiro comezaron as obras de restauración do Monte de Deus na súa segunda fase e que forman parte das actuacións do proxecto URBANA SANTIAGO NORTE. Os traballos teñen un prazo de execución de dous meses, supoñen un investimento total de 140.000 € dos cales 86.438,89 € destinaranse á execución da obra.

A partir dun proxecto redactado por CONSULTORES DE MEDIO AMBIENTE Y DESARROLLO, SL, estase a executar a obra por parte da empresa JARDINERÍA ARCE, SL.

Nos principais obxectivos desta intervención están a restauración dunha zona de valor ambiental e paisaxística e a recuperación dun entorno de usos comunais, así como o acondicionamento dun espazo de carácter recreativo para esparcemento da poboación residente e visitante e a creación de infraestruturas que faciliten o sendeirismo, a observación e o gozo da poboación, nun dos mellores miradoiros da cidade.

Todo isto farase poñendo en valor e mellorando a calidade do espazo público a través da restauración da vexetación autóctona nos seus tres estratos: arbustivo, arbóreo e herbáceo e sempre tendo en conta a supresión de barreiras arquitectónicas.

Durante as próximas semanas completaranse os traballos consistentes na limpeza e acondicionamento de sendeiros, habilitación dun novo miradoiro sobre a cidade, a reforestación do espazo con especies arbóreas autóctonas e a habilitación dun novo estanque.



## Restauración do río Sarela entre Ponte Romáño e Ponte do Asén

Outra das accións en execución dentro do proxecto URBANA SANTIAGO NORTE, é esta intervención tamén de carácter medioambiental neste tramo do río Sarela.

Os traballos dentro desta actuación teñen a singularidade de seren executados directamente polo propio Concello, a través dunha brigada contratada de entre os desempregados dos barrios da zona norte de Santiago para desenvolver ésta e máis outras obras de interese social.

Estes traballos desenvólense en varias fases a partir dun proxecto elaborado pola empresa CONSULTORES DE MEDIO AMBIENTE Y DESARROLLO, e

permitirán recuperar o uso público e pór en valor todos os elementos relacionados co río para integralo na cidade.

Entre os labores que se están a realizar nesta primeira fase destacan o saneamento e mellora da calidade das augas, a estabilización e revexetación das marxes fluviais, corruxir os impactos causados polo trazado de infraestruturas e outras actividades humanas e crear infraestruturas que faciliten o acceso e goce, tanto da poboación como dos visitantes das beiras do río.

En termos materiais o orzamento que se está a investir na actuación ascende a 160.466,63 € e o prazo de execución das obras é de cinco meses.

## Axudas a entidades sociais e ONG's para programas integrais de inserción socio-laboral



A posta en marcha desta medida estratéxica ten como finalidade mellorar ás condicións de acceso ao emprego e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes das persoas en situación de vulnerabilidade social, creando sinerxías coas entidades sociais co obxectivo de mellorar as condicións de emprego dos colectivos de difícil inserción, pertencentes ao ámbito territorial obxecto da iniciativa Urbana Santiago Norte.

A través da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de programas integrais de inserción socio-laboral por parte de entidades sociais e ONGs durante o ano 2010, a iniciativa Urbana apoiou os proxectos de cinco entidades da cidade: Asociación Plataforma polo Emprego, COGAMI, Cruz Vermella, IGAXES3 e FAEGA cun orzamento total de 95.993,89 €.

As actuacións desenvolvidas xiraron entorno á mellora da empregabilidade das persoas

participantes a través de distintas liñas de actuación: orientación laboral individual ou grupal, formación prelaboral como competencias persoais ou habilidades sociais, formación transversal como informática, manipulador de alimentos e inglés, formación para o emprego e intermediación e prospección laboral.

A formación ofertada polas distintas entidades subvencionadas pódese resumir, entre outras, nas seguintes actuacións:

- Curso de Carretilla Mecánica.
- Curso de Atención Sociosanitaria.
- Curso de Atención ao cliente.
- Curso de Atención telefónica e telemarketing.
- Curso de Xestión informatizada.
- Curso de inglés.
- Curso de manipulador de alimentos.
- Curso de informática.
- Obradoiros de busca de emprego.
- Obradoiros de técnicas de busca de emprego a través de TIC.

· Obradoiro de emprendemento.

A través desta medida e cos distintos proxectos postos en marcha polas entidades atendeuse durante o ano 2010 a 387 persoas das cales o 52,4% foron homes e o 47,6% mulleres. Por grupos de idade destaca a maior participación de persoas entre os 25 e os 45 anos de idade que supón o 62% do total de participantes.

Desenvolvéronse 468 actuacións de información e orientación e o 49,4% dos participantes nos proxectos realizaron algunha acción de formación. As entidades realizaron tamén actuacións de prospección e contacto co sector empresarial que se materializou en 70 empresas contactadas, 70 ofertas captadas e 25 persoas que acadaron un emprego durante o ano 2010.

Para o ano 2011 está previsto o lanzamento dunha nova convocatoria cun orzamento de 100.000 € que terá os mesmos obxectivos e beneficiarios que a convocatoria do ano 2010.

## Equipo URBANA SANTIAGO NORTE de obras e emprego



Dentro das medidas incluídas no proxecto destinadas a favorecer a mellora do tecido económico e do emprego está a contratación directa por parte do Concello de Santiago de 45 desempregados residentes nos barrios do ámbito de actuación que realicen obras de interese social neses barrios, e que son os que están a executar por parte do Concello as obras de restauración do río Sarela entre Ponte Romáño e Ponte do Asén.

Entre os traballos realizados nos últimos meses destacan:

- Colocación e axardinamento dunha fonte no Avío.
- Traballos de axardinamento na rotonda de Avío-Vista Alegre.
- Reparación e mantemento

de instalacións nas hortas de Belvís.

Esta acción pretende insertar laboralmente a 45 desempregados pertencentes a colectivos con dificultades de inserción laboral. Os postos que compoñen o equipo son os seguintes: 24 oficiais de albanel, 6 de xardinería, 3 de electricidade, 3 de fontanería, 3 de cantería, 3 de carpintería, 2 encargados de albanel e 1 encargado de xardinería. Paralelamente á práctica laboral reciben formación para a mellora das súas habilidades para o emprego. As contratacións teñen unha duración dun ano e un orzamento total dun millón de euros.

A primeira das convocatorias

para a provisión de persoal produciuse a comezos do ano 2010, resultando cubertos 26 postos dos 45 previstos. Os novos traballadores incorporáronse ao cadro de persoal do Concello no mes de abril.

Durante o ano 2011 abriuse unha nova convocatoria para a contratación das prazas que non foron cubertas na convocatoria do ano 2010, concretamente 17 oficiais de terceira de albanelería, un xefe de equipo de xardinería e un xefe de equipo de albanelería. O proceso de selección estase a desenvolver durante o mes de marzo e espérase a contratación dos seleccionados no próximo mes de abril.



## Centro xove de creación cultural da Almaciga

Dentro da área temática de Cultura e Patrimonio do URBANA SANTIAGO NORTE, encóntrase o financiamento dunha nova infraestrutura que completará o novo Centro xove de creación cultural da Almaciga e que vai ser denominada "A Nave". Este novo edificio levantarase no contorno do CEIP Apóstolo Santiago anexo ao aulario que xa está construído, o que contribuirá a dinamizar a zona da Almaciga.

O centro xove de creación

cultural pretende entre outros obxectivos: favorecer o acceso da xente nova á cultura, promover un ocio xuvenil máis creativo e menos consumista, incentivar o achegamento das políticas culturais municipais ás manifestacións artísticas xuvenís asumindo as novas formas e tendencias artísticas e organizar eventos que sirvan para fortalecer entre a mocidade a conciencia de seu.

Dentro deste centro, A Nave, que comezará a funcionar no verán, é un edificio multifuncional

que servirá de punto de encontro para os novos creadores e que acollerá música, teatro, artes plásticas e audiovisuais, e permitirá á mocidade desenvolver as súas inxerencias artísticas.

O proxecto a partir do cal se executará esta actuación foi elaborado polo arquitecto ALFREDO VARELA NOGUEIRA, estando actualmente en fase de licitación a execución da obra cun prezo de licitación de 189.853, 45 € e un prazo de execución de seis meses.



## Parque de Belvís Centro de dinamización

Entre as actuacións do URBANA SANTIAGO NORTE previstas no parque de Belvís está a rehabilitación e posta en valor das antigas instalacións dun secadoiro de peles para destinalo a centro polivalente de carácter social e cultural, que contribúa a dinamización deste parque da cidade.

Trátase dos restos da fábrica de As Trompas que foron incorporados ao parque público de Belvís, de tal xeito que o solar ocupado pola antiga edificación é unha zona axardinada en bancais, conservándose da mesma forma os muros de peche norte e leste.

Con esta actuación, porase a disposición da cidadanía un equipamento cultural cun programa moi aberto. A nova infraestrutura disporá de espazos multifuncionais que poderán acoller exposicións, reunións e conferencias ou concertos. Proxéctanse dúas plantas con accesos diferenciados, de xeito que poidan funcionar independentemente.

A intervención prevista responde a un proxecto elaborado polo arquitecto ÓSCAR ANDRES QUINTELA e estase a tramitar a licitación das obras por un prezo de 215.459,97 €.



## Reforma do campo de fútbol




Durante este mes de marzo comezarán as obras de reforma do campo de fútbol de Belvís para convertilo nun campo de herba de fútbol-7 e completar e mellorar as súas instalacións para facilitar a práctica deportiva dos residentes nos barrios limítrofes así como dos equipos e asociacións deportivas do entorno.

A mellora do campo de fútbol de Belvís non constitúe un feito illado, senón que forma parte dun conxunto de intervencións dirixidas á mellora das instalacións deportivas de Santiago. As actuacións previstas contemplan a transformación do campo de terra actual nun campo de herba artificial, cunha pla-

taforma de xogo de 50x30 m, o peche perimetral do campo, a habilitación de espazos destinados a vestiarios (dous campos de equipos e outro para árbitro) e a iluminación do campo. Deste xeito subsanaranse algunhas das deficiencias e dificultades que supuña a práctica deportiva nun campo de fútbol como este de terra batida, especialmente tendo en conta a climatoloxía da cidade.

Estas obras serán executadas pola empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, cun orzamento de 118.836,49 € e un prazo de execución de tres meses. O proxecto foi redactado pola empresa TALIESEN ARQUITECTOS SLP.

# Outros proxectos previstos para o ano 2011



Futuro emplazamento do elevador

## Mellora da mobilidade da Almaciga

Co obxectivo de mellorar a mobilidade e accesibilidade ao barrio da Almaciga, está previsto para o ano 2011 o comezo de dúas importantes actuacións: a reurbanización da rúa Carmoniña e a posta en servizo dun elevador dende a rúa Anxo Casal.

Polo que respecta á rúa Carmoniña o obxectivo fundamental da intervención proposta é a mellora da mobilidade do barrio da Almaciga, é dicir da súa conexión cos barrios limítrofes de San Pedro e San Roque, a través dunha intervención que alcanzará os 602.000 € e que se encontra en fase de elaboración dos estudos previos.

Este obxectivo xeral preténdese alcanzar mediante a posta en valor e mellora da calidade

do espazo público permitindo harmonizar a estética do conxunto. Coa intervención, ao mesmo tempo que buscamos a supresión de barreiras arquitectónicas conseguimos rematar a definición e recuperación dunha zona de gran valor ambiental e paisaxístico e o uso público do entorno. A reurbanización dos espazos públicos permitirá tamén a mellora e adecuación das infraestruturas soterradas correspondentes aos distintos servizos urbanos; abastecemento, saneamento, electricidade, telefonía, etc.

En canto á instalación do elevador urbano o obxectivo principal son a eliminación de barreiras arquitectónicas de tipo urbanístico nun ámbito de gran desnivel a salvar entre a rúa

Anxo Casal (que conecta a Praza da Paz coa Estación de Autobuses) e o barrio da Almaciga na parte superior do talude rochoso natural existente.

Para lograr este obxectivo, ademais da instalación do propio elevador, executarase a pasarela de embarque superior desde o propio elevador ata o espazo físico de chegada no barrio da Almaciga, os espazos de recepción no embarque e desembarque e reurbanizarase as zonas vexetais e os taludes e bermas existentes no mesmo para a súa integración no espazo público e dotación de mobiliario.

Na actualidade estanse a realizar os estudos previos á intervención que suporá un investimento total de 698.000 €.

## Desenvolvemento do tecido económico, da actividade empresarial e do comercio



Dentro das actuacións do URBANA SANTIAGO NORTE previstas para o ano 2011 está a posta en marcha dun conxunto de medidas destinadas a favorecer a creación e modernización de empresas nos barrios da zona norte, á recuperación dos corredores comerciais e á formación ocupacional de desempregados.

Entre as medidas destinadas ao desenvolvemento do tecido económico encóntranse a posta en marcha dun programa de simulación empresarial para os emprendedores que estean interesados en crear un novo negocio. Ademais contarase con distintos programas de axudas directas a empresas de recente creación, así como outra liña de axudas destinadas á mellora

do comercio polo miúdo. Outra das actuacións previstas será a posta en marcha dun concurso de novas ideas empresariais para os emprendedores que estean interesados en montar un negocio no ámbito territorial do proxecto.

En canto á recuperación de corredores comerciais, contéplanse medidas destinadas á promoción do comercio de proximidade e á potenciación do eixo comercial da rúa Concheiros. Por outra banda, reforzase tamén os mercadillos que se están a celebrar no parque de Belvís.

Para todo este conxunto de medidas dispónse no exercicio 2011 dun orzamento total de 380.000 €.



## Centros cívicos de Romaño e Santiago Norte

Dentro dos proxectos de mellora das infraestruturas de servizos incluídos dentro do URBANA SANTIAGO NORTE está a construción e equipamento de dous novos centros cívicos municipais, un nos barrios de Romaño-Vista Alegre e outro nos barrios de Salgueiriños-As Cancelas.

Con estes dous proxectos preténdese completar a dotación destes barrios cun equipamento público de proximidade integrados na rede de centros

socioculturais municipais dende os que se presten servizos municipais de benestar social e comunitarios á poboación da contorna, se contribúa á dinamización social e cultural destes barrios e se fortaleza o tecido asociativo.

No cao do centro cívico do Romaño-Vista Alegre, neste mes de marzo produciuse a adxudicación da redacción do proxecto por un importe de 73.160 € e un prazo para a redacción de

tres meses. No seu conxunto o investimento global ascenderá a 995.327,51 € e estará ubicado nunha parcela de titularidade municipal na rúa Casal da Horta no Avío.

En canto ao centro cívico de Santiago-Norte, Salgueiriños, As Cancelas que tamén irá ubicado nunha parcela municipal situada na rúa Queimada, estase a licitar a redacción do proxecto e suporá un investimento global de 804.672,49 €.

## Vía verde Bonaval-Almaciga

Con esta actuación consistente en estender a área do Parque da Almaciga ata conectalo co Parque de Bonaval a través dunha zona verde pública, perséguese os seguintes obxectivos: mitigar o illamento físico do Parque da Almaciga co resto da cidade, ampliar o percorrido peonil que enlazan as distintas áreas verdes da cidade, proporcionar a máxima accesibilidade e mobilidade aos peóns que utilicen estes percorridos, ampliar o contorno do Parque da Almaciga mellorando a súa imaxe e facilitando o seu

acceso, proporcionar novas zonas verdes urbanas que contribúan á mellora da calidade de vida da veciñanza.

A área considerada como máis idónea para este proxecto é unha franxa de terreo que se desenvolve entre o Colexio e as traseiras da fincas da rúa de Teo, situadas na ladeira sur oeste do monte da Almaciga

Para ilo cóntase cun orzamento total de 400.000 €, estando na actualidade en redacción o proxecto de obra pola empresa GALICIA DREAMS SL.



# A oficina URBANA SANTIAGO NORTE

O proxecto URBANA SANTIAGO NORTE dispón dunha oficina á que se poden dirixir todos os veciños e veciñas dos barrios da zona norte, e na que poden obter información sobre cales son os principais proxectos que lles afectan aos seus barrios ou para saber como está a execución dunha obra ou actuación concreta. Dita oficina encóntrase no barrio da Almáciga:

Rúa Betanzos, Nº 55  
(Edificio anexo á Escola Municipal de Música)  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981.543.196  
Fax: 981.543.195  
E-mail: [urbanasantiagonorte@santiagodecompostela.org](mailto:urbanasantiagonorte@santiagodecompostela.org)

Ademais para dispor de información máis actualizada sobre os diferentes concursos e convocatorias relacionados coas actuacións do proxecto, ou para coñecer o estado de execución de cada medida poden visitar a páxina web:

[www.urbanasantiagonorte.org](http://www.urbanasantiagonorte.org)



**Urbana**  
Santiago  
Norte



[www.urbanasantiagonorte.org](http://www.urbanasantiagonorte.org)

Este proxecto cofinanciase polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)



“Unha maneira de facer Europa”